



Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública a solicitude de Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Siroco, de 61'6 MW, situado no termo municipal de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), Parque Eólico Tramontana, de 72'8 MW, situado nos termos municipais de Forcarei e Silleda (Pontevedra), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Cerdedo- Corobade, Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense).

Con data 12 de maio de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado (Sección V. B) anuncio desta Dependencia da Área de Industria e Enerxía, polo que se sometía a información pública as solicitudes de Autorización Administrativa Previa e de Declaración, en concreto, de Utilidade Pública, e o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Siroco, o Parque Eólico Tramontana, e a súa infraestrutura de evacuación.

A tramitación do procedemento de Declaración, en concreto, de Utilidade Pública, esixía que o anuncio incluíse relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que as promotoras consideraban de necesaria expropiación.

Con posterioridade á devandita publicación, as promotoras de ambos parques presentaron desistencia da súa solicitude de Declaración, en concreto, de Utilidade Pública, circunstancia que altera parte do obxecto e efectos daquel anuncio publicado o 12 de maio de 2021. Considérase necesario facer pública dita circunstancia, á vez que asegurar a coherencia entre os anuncios que, a este mesmo fin, se publiquen nos distintos boletíns oficiais.

Con tal motivo, procédese a publicar o presente anuncio, que incorpora a circunstancia da desistencia, e adecúase aos fins do trámite de información pública dos dous procedementos que subsisten (Autorización Administrativa Previa e Avaliación de Impacto Ambiental), segundo o contido que se desenvolve a continuación:

A entidade Greenalia Wind Power Siroco, S.L.U. solicitou Declaración de Impacto Ambiental, Autorización Administrativa Previa e Declaración, en concreto, de Utilidade Pública da instalación "Parque eólico Siroco", de 61'6 MW de potencia, situado no termo municipal de Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra.

A entidade Greenalia Wind Power Tramontana, S.L.U. solicitou Declaración de Impacto Ambiental, Autorización Administrativa Previa e Declaración, en concreto, de Utilidade Pública da instalación "Parque eólico Tramontana", de 72'8 MW de potencia, situado nos termos municipais de Forcarei e Silleda, na provincia de Pontevedra.

Con posterioridade ás devanditas solicitudes, as promotoras presentaron desistencia da súa solicitude de Declaración, en concreto, de Utilidade Pública, persistindo nos outros dous procedementos (Autorización Administrativa Previa e Avaliación de Impacto Ambiental).

Dentro do alcance das referidas instalacións inclúense as súas infraestruturas de evacuación ata a subestación eléctrica que á súa vez conectará coa rede de transporte. O conxunto das actuacións indicadas desenvolverase, ademais de nos referidos termos municipais de Cerdedo-Cotobade, Forcarei e Silleda, no termo municipal de Beariz, na provincia de Ourense.

A posta en funcionamento de novas instalacións de produción de enerxía eléctrica está sometido ao réxime de autorizacións definido nos artigos 53 e 54 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, e nas súas disposicións de desenvolvemento, destacando entre estas o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Así mesmo, o proxecto está suxeito ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, en virtude do definido no artigo 7.1.a da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De conformidade co previsto no artigo 53.1.a da Lei 24/2013, do 26 de decembro, a tramitación de ámbolos procedementos (Autorización Administrativa Previa e Avaliación de Impacto Ambiental) está a efectuarse de maneira conxunta. Así mesmo, con data 11 de decembro de 2020 ditouse pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico acordo polo que se acumula a tramitación dos procedementos correspondentes ás dúas

CORREO ELECTRONICO

industria.pontevedra@correo.gob.es

PLAZA DE ESPAÑA S/N
36002 PONTEVEDRA
TEL.: 986989235
FAX.: 986989232

CSV : GEN-cb2d-ccf0-43f5-d289-8246-a60b-3c26-c764

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : PABLO DE CASTRO CORTIZAS | FECHA : 25/05/2021 07:47 | Sin acción específica





instalacións, motivado pola identidade substancial e íntima conexión de ambos os proxectos, compartindo a infraestrutura de evacuación principal.

Para os efectos previstos no artigo 125.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, sométese a trámite de información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa das instalacións indicadas, cuxas características xerais son as seguintes:

Parque Eólico Siroco

Peticionaria: Greenalia Wind Power Siroco, S.L.U., con CIF B-70604152, e domicilio en Praza de María Pita, 10, 1º, CP 15001, A Coruña.

Denominación: Parque Eólico Siroco, de 61'6 MW, e a súa infraestrutura de evacuación.

Código de proxecto: PEol-323 AC.

Emprazamento: Termos municipais de Cerdedo-Cotobade e Forcarei (provincia de Pontevedra).

Finalidade: Xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable (eólica).

Características técnicas:

Parque Eólico: 11 aerogeneradores de 5'6 MW de potencia unitaria, con transformador de potencia 30/0'72 kV instalado no interior da góndola de cada aerogenerador, con 150 m de diámetro de rotor e unha altura de buje de 105 metros. Inclúe torre meteorolóxica. Termo municipal de Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra).

Sistema colector de enerxía: os aerogeneradores de cada circuíto colector conéctanse eléctricamente mediante liñas subterráneas de 30 kV á subestación receptora do parque.

Subestación eléctrica do parque eólico Siroco (subestación elevadora de tensión 30/132 kV): co obxectivo de evacuar a enerxía xerada, construírase unha subestación no parque eólico, para elevar a tensión da rede de interna do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto coa liña de evacuación (132 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 34 metros x 36 metros. Termo municipal de Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra).

Liña de alta tensión de evacuación: a liña evacuará a 132 kV a enerxía xerada no parque eólico Siroco desde a SET PE Siroco (30/132 kV) ata a SE PE As Penizas (30/132 kV, subestación en tramitación perante a administración autonómica, sobre a que se proxectan actuacións de modificación para dar entrada a esta liña); constará dunha primeira parte, simple circuíto, cunha lonxitude aproximada de 12.725 metros, e unha segunda parte dobre circuíto, compartida coa liña de Penizas-Paraño, cunha lonxitude aproximada de 933 metros. Termos municipais de Cerdedo-Cotobade e Forcarei (provincia de Pontevedra).

Orzamento: 52.449.139'96 €

Parque Eólico Tramontana

Peticionaria: Greenalia Wind Power Tramontana, S.L.U., con CIF B-70604210, e domicilio en Praza de María Pita, 10, 1º, CP 15001, A Coruña.

Denominación: Parque Eólico Tramontana, de 72'8 MW, e a súa infraestrutura de evacuación.

Código de proxecto: PEol-323 AC.

SUBDELEGACION
DEL GOBIERNO
EN PONTEVEDRA

CSV : GEN-cb2d-ccf0-43f5-d289-8246-a60b-3c26-c764

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : PABLO DE CASTRO CORTIZAS | FECHA : 25/05/2021 07:47 | Sin acción específica





Emprazamento: Termos municipais de Forcarei, Silleda e Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra) e Beariz (provincia de Ourense).

Finalidade: Xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable (eólica).

Características técnicas:

Parque Eólico: 13 aerogeneradores de 5'6 MW de potencia unitaria, con transformador de potencia 30/0'72 kV instalado no interior da góndola de cada aerogenerador, con 150 m de diámetro de rotor e unha altura de buje de 105 metros. Inclúe torre meteorolóxica. Termos municipais de Forcarei e Silleda (provincia de Pontevedra).

Sistema colector de enerxía: os aerogeneradores de cada circuíto colector conéctanse eléctricamente mediante liñas subterráneas de 30 kV á subestación receptora do parque.

Subestación eléctrica do parque eólico Tramontana (subestación elevadora de tensión 30/132 kV): co obxectivo de evacuar a enerxía xerada, construírse unha subestación no parque eólico, para elevar a tensión da rede de interna do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto coa liña de evacuación (132 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 35 metros x 28 metros. Termo municipal de Forcarei (provincia de Pontevedra).

Liña de evacuación Tramontana- Penizas: a liña evacuará a 132 kV a enerxía xerada no parque eólico Tramontana desde a SET PE As Penizas (30/132 kV) ata a SE PE As Penizas (30/132 kV; subestación en tramitación perante a administración autonómica, sobre a que se proxectan actuacións de modificación para dar entrada a esta liña); simple circuíto, cunha lonxitude aproximada de 10.173 metros. Termo municipal de Forcarei (provincia de Pontevedra).

Liña de evacuación Penizas- Paraño: liña a 132 kV que evacúa a enerxía procedente de varios parques, concentrada na SE PE As Penizas, ata o punto de conexión coa rede. Termos municipais de Forcarei e Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra) e Beariz (provincia de Ourense).

Orzamento: 60.737.912'82 €

Os procedementos nos cales se encadra este trámite de información pública están regulados no artigo 53.1.a da Lei 24/2013, do 26 de decembro (referido como "Autorización Administrativa Previa"); no artigo 122 e seguintes do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño (referido como "Autorización Administrativa"); e no Título II, Capítulo II, Sección 1ª da Lei 21, 2013, do 9 de decembro ("Procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria para a formulación da declaración de impacto ambiental").

Corresponde á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ditar a resolución de Autorización Administrativa Previa das instalacións. Corresponde á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, do mesmo ministerio, formular a Declaración de Impacto Ambiental. Corresponde á Dependencia da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra (que actúa ademais sobre a provincia de Ourense) a tramitación de ambos procedementos; con tal motivo, esta Dependencia é o órgano perante o que poden presentarse alegacións.

Todo o anterior faise público para que poida ser examinado o expediente e, no prazo de trinta días, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio, formularse as alegacións que se estimen oportunas, dirixidas á Dependencia da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, a través o Rexistro Electrónico da Administración Xeral do Estado (<https://rec.redsara.es>) ou por calquera outro dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SUBDELEGACION
DEL GOBIERNO
EN PONTEVEDRA

CSV : GEN-cb2d-ccf0-43f5-d289-8246-a60b-3c26-c764

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : PABLO DE CASTRO CORTIZAS | FECHA : 25/05/2021 07:47 | Sin acción específica





Advértese que as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e outros suxeitos identificados no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, están obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Con tal motivo, as alegacións formuladas por calquera deses suxeitos neste trámite de información pública deben obrigatoriamente presentarse por medios electrónicos.

O Anteproxecto e o Estudo de Impacto Ambiental das instalacións poden ser examinados:

- * a través da seguinte ligazón:

completo:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/65740b7b9f66f5c177fac42e30932e7e18ab1c01>

abreviado: <http://run.gob.es/PEol323AC>

- * a través dos apartado "Proxectos, Campañas e Información/Procedementos de Información Pública" da sede electrónica da Delegación do Goberno en Galicia;
- * presencialmente na área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, sita en Praza de España, s/n, 36002, Pontevedra; esta consulta presencial requirirá de cita previa, que pode solicitarse a través do teléfono 986 98 92 35, en horario de 9 h a 14 h, ou do correo electrónico a industria.pontevedra@correo.gob.es;

A documentación anterior tamén foi posta ao dispor de cada un dos Concellos afectados.

Pontevedra, 25 de maio de 2021

O Xefe da Dependencia da área de Industria e Enerxía

(Asinado electronicamente)

Pablo de Castro Cortizas

SUBDELEGACION
DEL GOBIERNO
EN PONTEVEDRA

CSV : GEN-cb2d-ccf0-43f5-d289-8246-a60b-3c26-c764

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : PABLO DE CASTRO CORTIZAS | FECHA : 25/05/2021 07:47 | Sin acción específica

